


# Alén das estrelamares

**Xoán Xosé Lago Pereira**



# O autor



## Xoán Xosé Lago Pereira

Licenciouse en Filoloxía Hispánica pola Universidade de Santiago de Compostela en 1991. Escritor desde hai trinta anos, tanto en galego como en castelán, publicou catro novelas. Coa súa ópera prima, Alén das Estrelamares, obxecto desta edición actualizada, alcanzou o Premio O Barco de Vapor 2000. En canto ás tres restantes, El Triángulo de Goulougo, Cristinita o la gramática del deseo e Diez millones de kilómetros, tamén foron galardoadas en diferentes certames.

Actualmente, leva máis de dous anos traballando nunha triloxía sobre o Ca-

miño de Santiago baseada en feitos reais, que pasa por ser o seu proxecto literario máis ambicioso.




## Denis Carballás o ilustrador

(Vigo, 1995) é un ilustrador e deseñador que adora a cultura pop e a música, que inclúe no seu traballo sempre que ten ocasión. Mostra disto e o libro *Son da Cidade* (Editorial Galaxia, 2022), do que é co-autor. Participou noutras publicacións como a revista británica *Ethos Magazine*, ademais de realizar varios traballos de cartelería, storyboards e caricaturas por encargo.

Sempre está na procura de novas historias que contar, e escoitar, e xente coa que poder facelo.



© PAULA CERMEÑO




## Argumento e temas

A novela narra as aventuras de Centoun, un macho de centola de ría, dende que nace nun viveiro da costa viguesa ata que, despois de moitas aventuras e de pasar unha tempada en terra coa peixeira Águeda, regresa ao mar para viaxar as Illas Cíes, o paraíso das centolas.

**A CENTOLA DA RÍA** (de Vigo). É unha das criaturas máis populares da cultura galega, pero non é tan coñecida a súa vida: de que se alimenta, como se reproduce, cales son os seus maiores inimigos naturais... Nesta novela atoparás as respostas a estas e outras cuestións.

**A PAISAXE NOS FONDOS MARIÑOS.** Nos fondos da Ría de Vigo existe un mundo cheo de criaturas incríbles e máxicas paisaxes das que, ao longo destas páxinas, poderás gozar coma se foses un mergullador en plena inmersión.

**FAMILIA E AMIZADE.** Para Centoun, One, o seu pai, e as súas dúas nais, a centola vella e a centola nova, son os seus referentes principais. Eles transmítenlle valores como o esforzo e a responsabilidade. Pero tamén influirán moito nel Respostas, o sabio caranguexo ermitán que participa na súa educación, e Águeda, a súa amiga humana do Alén.



CENTOLA



PAISAXE  
FONDOS MARIÑOS



FAMILIA  
E AMIZADE

# Actividades previas á lectura

- 1º** O título é un tanto enigmático. Que é iso do “Alén”? A que estrelamares se referirá o autor e onde as atoparemos?
- 2º** Na cuberta do libro vese a imaxe do que parece un caranguexo. Será en realidade un caranguexo ou outra especie de crustáceos, como a nécora, o boi de mar ou a centola? Víchelos algunha vez? E, se foi así, saberías distinguilos?
- 3º** Na parte superior esquerda da contracuberta, aparece un anaco de terra rodeado de auga e cuberto por nubeiros. Serán as illas Cíes que se mencionan no argumento? Estiveches algunha vez nunha illa? Como chegaches a ela?
- 4º** O caranguexo da cuberta, ademais de semellar bastante grande, ten ollos de traste. Estarei no certo ou trabúcome?



# Actividades posteriores á lectura

- 1º** Se non visitaches nunca un mercado de abastos, logo de ler o texto, sería unha boa idea facelo. Gozarás do balbordo típico deste tipo de recintos e poderás ver en primeira fila moitas das criaturas mariñas que aparecen na novela. A praza onde traballaba Águeda aínda segue aberta no barrio vigués do Calvario.
- 2º** O marisco e, sobre todo, o peixe, son fundamentais nunha dieta saudable. Achégate ao mostrador da peixería dunha praza de abastos ou dun supermercado para ver cales coñeces polo seu nome. Algúns peixes, como o escarapote ou o peixe sapo, teñen un aspecto que te sorprenderá. Podes tirarlles unha foto co móbil e logo compartila cos teus compañeiros de clase a ver cal vos chamou máis a atención. Tamén podedes organizar unha enquisa para saber que peixe é o que máis vos gusta comer e cal o que menos.
- 3º** Sabes cando un peixe é branco e cando azul?
- 4º** Escribir unha historia onde o protagonista é un animal é algo moi común na literatura universal. Atrévete a inventar unha?
- 5º** O autor pensa que Alén das estrelamares é a primeira historia que se escribiu onde o narrador é unha centola da ría. Estará no certo? E sexa así ou non, haberá algún animal que non fose aínda o protagonista principal dun poema, conto, novela, obra de teatro, filme...
- 6º** Distinguir un boi de mar dunha centola non é moi difícil. Pero, agora que liches a novela, serías quen de diferenciar unha centola galega doutra irlandesa ou francesa, como a que atacou a Fai dúas no posto de Águeda?
- 7º** As Illas Cíes forman parte do Parque Natural Marítimo-terrestre “Illas Atlánticas”, e é o enclave turístico máis visitado do sur de Galicia. Se tes a oportunidade, achégate a elas. Entre outras actividades de lecer (andainas, miradoiro de aves...) poderás bañarte na praia do Lago dos Nenos, que aparece na derradeira escena da novela e que se considera internacionalmente como uns dos areais máis fermosos do mundo.

# Guía didáctica

**1º** Entrevista ao autor. Programa da TVG Entre a terra e a lúa  
[www.youtube.com/watch?v=E9JBcJFXTEU](http://www.youtube.com/watch?v=E9JBcJFXTEU)

**2º** Todo o que hai que saber sobre as Illas Cíes.  
<https://lasislascies.com>

**3º** Guía do visitante do Parque Natural Illas Atlánticas.  
<https://illasatlanticas.gal/es/el-parque/biblioteca/guia-de-visita-parque-nacional-maritimo-terrestre-de-las-islas-atlanticas-de>

**4º** Guía de peixes e mariscos.  
[www.observatorio-acuicultura.es/sites/default/files/images/adjuntos/libros/guia\\_pescados\\_cam\\_web.pdf](http://www.observatorio-acuicultura.es/sites/default/files/images/adjuntos/libros/guia_pescados_cam_web.pdf)

# Guía didáctica



árbore / a partir dos **12** anos



 @falamos.delibros

 @EdGalaxia

 @galaxiaeditorial

 [www.editorialgalaxia.gal](http://www.editorialgalaxia.gal)